

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

**REFERENCIA DO CONSELLO EXTRAORDINARIO DA XUNTA  
DE GALICIA QUE TIVO LUGAR NO PARLAMENTO  
O 18 DE OUTUBRO DE 2022,  
BAIXO A PRESIDENCIA DE  
ALFONSO RUEDA VALENZUELA**

### **PROXECTOS DE LEI**

#### **CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

- Proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023.
- Proxecto de Lei de medidas fiscais e administrativas.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA APROBA O ORZAMENTO MÁIS ALTO DA HISTORIA, QUE ASCENDE A 12.620 M€, CON MEDIDAS DE IMPULSO PARA APOIAR AS FAMILIAS E AS EMPRESAS E FORTALECER OS SERVIZOS PÚBLICOS**

- Enmarca estas contas públicas na “obriga” que teñen as administracións, no actual contexto económico, de axudar á xente a afrontar as dificultades e de que os esforzos se repartan de xeito xusto e equitativo
- Lembra que Galicia é unha das primeiras comunidades en aprobar os seus orzamentos para 2023 e se consolida “como referente de prudencia financeira”
- Destaca que este orzamento reforza con máis de 500 M€ cinco liñas de actuación prioritarias: apoio e protección das familias e das persoas, aforro e eficiencia enerxética, dinamización económica, protección do ambiente, loita contra a seca e o cambio climático, e fortalecemento dos servizos públicos
- O gasto social supera os 9.300 M€ e inclúe máis de 2.700 M€ para investimentos
- Ademais, as contas de 2023 volven baixar os impostos cunha serie de medidas de alivio fiscal e de fomento da competitividade para axudar a mitigar os efectos da alza de prezos
- O conselleiro de Facenda salienta que son os orzamentos con “máis gasto social da historia de Galicia” e prevé que a Comunidade recupere a principios do vindeiro ano a riqueza prepandemia

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que o Consello deu luz verde nunha reunión extraordinaria ao proxecto de Lei de orzamentos da Comunidade Autónoma para 2023, os orzamentos máis altos da historia de Galicia, que ascenden a 12.620 millóns de euros e inclúen un conxunto de medidas de impulso para apoiar ás persoas, familias e empresas e fortalecer os servizos públicos. “Nun contexto económico como o actual temos a obriga, máis que nunca, de axudar á xente a afrontar as dificultades e de que os esforzos se repartan dun xeito xusto e equitativo”, destacou Rueda, quen fixo fincapé en que Galicia se converte así “nunha das primeiras autonomías” en aprobar os seus orzamentos, mostra da “estabilidade política e institucional” da comunidade galega.

Rueda explicou que o Goberno galego leva traballando nestes orzamentos “desde principios do verán” e que son froito da “experiencia acumulada” ao longo destes anos; teñen en conta “a evolución dos medidores económicos” e fanse “prevendo, na medida do posible”, os retos que Galicia terá aque sumir ao longo do 2023.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Os orzamentos reforzan con máis de 500 M€ cinco liñas de actuación prioritarias que son o apoio e a protección das familias e das persoas, o aforro e a eficiencia enerxética, a dinamización económica, a protección do ambiente, a loita contra a seca e o cambio climático, e o fortalecemento dos servizos públicos.

Galicia, segundo explicou o presidente autonómico, terá en 2023 case 1.000 millóns máis que no presente exercicio (un 8,5 % máis) e practicamente 2.500 millóns máis ca no ano 2020. Ademais, o orzamento do vindeiro ano é superior en 21 millóns ao teito de gasto non financeiro aprobado no verán. A razón é que tal e como establece o punto 2 do artigo 12 da Lei de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira, poden incorporarse novos ingresos non previstos nese momento.

Os orzamentos do ano que vén priorizarán as medidas de apoio ás rendas medias e baixas e para iso reforzarán as axudas ás familias, ás empresas e aos sectores máis vulnerables afectados pola alta inflación; fortalecerán un ano máis a sanidade, a educación e as políticas sociais; apostarán polo fomento do aforro e a eficiencia enerxética; protexerán o ambiente con actuacións para facer fronte á seca e ao cambio climático; e dinamizarán a economía nun momento de ralentización.

Rueda apuntou ás novas rebaixas de impostos e ao endebedamento controlado, enmarcados no Plan estratéxico 2022-2030, e con cinco liñas prioritarias de actuación. "Trátase duns orzamentos deseñados para protexer Galicia ante as incertezas que imos ter que afrontar en 2023", destacou Rueda.

### **Liñas prioritarias de actuación**

Os orzamentos de 2023 inclúen cinco liñas prioritarias de actuación para acompañar as familias e as empresas nesta conxuntura de alza de prezos e con medidas para impulsar a competitividade.

A primeira liña de actuación ten como obxectivo o apoio ás familias e persoas máis vulnerables. Entre outras medidas destacan: a gratuidade das escolas infantís de 0 a 3 anos; o incremento das contías das prestacións para a Risga, as axudas de inclusión social e as pensións non contributivas; o bono social térmico (22,7 M€ para beneficiar 64.000 familias) ou 4 M€ para o bono social eléctrico, para duplicar as axudas para o pagamento das facturas eléctricas dos consumidores máis vulnerables.

A segunda liña é a de aforro e eficiencia enerxética con actuacións que contribúan a ter vivendas e empresas máis eficientes e fontes de enerxía diversificadas para garantir a mellor subministración con custos razoables. Neste punto inclúense 23,3 M€ para medidas de aforro enerxético para as familias, 56 M€ para medidas de aforro enerxético para as pemes, 35,7 millóns para a rehabilitación de vivendas para mellorar a eficiencia enerxética ou o aumento do bono Enerxía Peme, entre outras.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A terceira liña é a de dinamización económica para promover medidas que axuden os emprendedores, autónomos e empresarios a manter o emprego e incrementar a súa competitividade. Destacan 30 millóns para apoiar 25.000 autónomos con rendas medias e medias/baixas, para o mantemento da súa actividade económica e do emprego; 22,5 M€ para o Plan Completa e Transfire, para a transferencia de coñecemento; 19,8 M€ para o reforzo da competitividade en áreas afectadas polo peche das centrais térmicas, ou a conxelación das peaxes das estradas autonómicas.

A cuarta liña ten unha finalidade ambiental e presta unha especial atención á loita contra a seca e a afrontar o cambio climático. Aquí inclúense 11,5 M€ para actuacións contra a seca, 15,2 M€ para a mellora da eficiencia na prevención, vixilancia e loita contra os lumes, coa ampliación do tempo de traballo para o persoal laboral e os novos equipos especializados; ou 17,7 M€ para a xestión de residuos e a mellora da reciclaxe, entre outras medidas.

Finalmente, a última liña de actuación é o fortalecemento dos servizos públicos para ter cada ano unha mellor sanidade pública, unha mellor educación pública e uns mellores servizos públicos. Aquí destaca a terceira anualidade do Fondo de Garantía de Infraestruturas Sanitarias con 163,5 M€, 33,4 M€ para o reforzo da atención primaria, 31,4 M€ para o reforzo das políticas de saúde pública, 10 M€ para o Plan de investimentos nas universidades, 24,5 M€ para a atención á educación en diversidade e equidade, 22,3 M€ para o reforzo da teleasistencia e da axuda no fogar ou 9,5 M€ para centros municipais para maiores, entre outras medidas.

Estas cinco liñas de actuación están perfectamente encaixadas na planificación deseñada no Plan estratéxico de Galicia 2022-2030, de feito, estes, serán os primeiros orzamentos en clave Galicia 2030 nos cales se inclúan as prioridades dos eixos e os obxectivos estratéxicos da folla de ruta trazada pola Xunta para esta década.

### **O maior gasto social da historia de Galicia**

Tras a intervención do presidente, o conselleiro de Facenda e Administracións Públicas debullou os Orzamentos de 2023 salientando que son os de "máis gasto social da historia de Galicia", que ascende a 9.368 millóns de euros (709 millóns máis ca no vixente exercicio) para sanidade, ensino, políticas sociais e emprego.

En concreto, explicou que se reforzan un ano máis tanto o gasto social tradicional (sanidade, educación e políticas sociais) como o gasto para o fomento do emprego.

No 2023 destinaranse 4.967 millóns á sanidade pública, 2.795 millóns ao ensino público, 1.164 a políticas sociais e 443 millóns para o emprego.

Desta forma, tres de cada catro euros do orzamento para 2023 irán destinados á sanidade, á educación, ás políticas sociais e ao emprego.

## COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Por outra banda, o proxecto de lei aprobado hoxe polo Consello da Xunta de Galicia inclúe un reforzo do investimento produtivo, de forma que o vindeiro exercicio a Comunidade disporá de 2.772 millóns de euros para investimentos, un 8,5 % máis ca en 2022.

Na súa intervención, Corgos anunciou que Galicia prevé recuperar a “principios do vindeiro ano” a riqueza pre-pandémica e puxo en valor que este ritmo de crecemento supón que “será antes que a media de España”.

### **Novas rebaixas de impostos**

En materia de política fiscal, para 2023, e tamén de forma retroactiva para este mesmo ano, a Xunta aprobará unha serie de medidas de alivio fiscal e de fomento da competitividade para axudar a mitigar os efectos da alza de prezos.

No imposto da renda defláctanse, con carácter retroactivo ao 1 de xaneiro de 2022, os tres primeiros tramos do IRPF co que se benefician todos os contribuíntes e, de maneira especial, as rendas medias e baixas. Ademais, rebáixase por cuarta vez en nove anos o IRPF, neste caso, o tramo autonómico máis baixo para as rendas máis modestas, que pasa do 9,4 % ao 9 %. Os cidadáns galegos aforrarán na declaración de 2023 unha media de 476 € en relación xo que pagaban en 2009.

Tamén se equiparan para efectos fiscais as familias con dous fillos ás familias numerosas, cunha dedución de 250 euros no IRPF, e duplícase a dedución para as familias de tres fillos, para beneficiar máis de 187.000 familias. A partir de tres fillos, increméntase a dedución en 250 euros adicionais por cada fillo a maiores.

Galicia ten un modelo fiscal propio e previsible con rebaixas tributarias que priorizan cada ano as rendas medias e baixas e que atenden de maneira preferente os mozos e as mozas menores de 36 anos, as familias numerosas, as persoas con discapacidade e outros colectivos desfavorecidos como as vítimas de violencia de xénero.

En resumo, a Xunta aprobou hoxe os orzamentos máis altos da súa historia, que priorizan as familias, as empresas e os sectores máis vulnerables aos altos prezos; que buscan dinamizar a economía, que pretenden fomentar o aforro e a eficiencia enerxética, apostan por medidas ambientais e de loita contra a seca e o cambio climático, e que fortalecen a sanidade, a educación e os servizos públicos.

E todo isto co maior volume de recursos da historia, con máis gasto social ca nunca, cun reforzo do investimento produtivo, coa consolidación de todos os beneficios fiscais e novas medidas para beneficiar sobre todo ás rendas máis modestas e que se enmarcan na planificación da Galicia de 2030. Uns orzamentos que, segundo destacou o presidente da Xunta de Galicia, consolidan a comunidade galega como “a autonomía de referencia en prudencia financeira”.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA